



# RE-ACCIÓN

ciencia, investigación e divulgación sobre residuos.

1<sup>er</sup> Congreso de Centros Educativos

O **CEIDA**, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, organiza O **Congreso Escolar RE-ACCIÓN, Ciencia, Investigación e Divulgación sobre residuos**, financiado pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Economía y Competitividad, e dirixido aos estudantes de último ciclo de Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos de toda Galicia.

## OBXECTIVOS

- Fomentar as vocacións científicas en mozos e mozas a través do contacto directo con investigadores e o coñecemento in-situ dos proxectos de investigación sobre residuos urbanos que se están desenvolvendo na Universidade da Coruña.
- Inculcar nos mozos e mozas a importancia e a transcendencia do desenvolvemento I+D+I para a resolución dos desafíos que os residuos formulan na nosa sociedade a nivel ambiental, social e económico.
- Impulsar o desenvolvemento de proxectos na comunidade educativa sobre residuos urbanos dende unha metodoloxía investigadora e innovadora que fagan atractivas as saídas profesionais para os estudantes neste campo e os acheguen á praxis científica.
- Innovar na divulgación científica a través da creación de produtos dixitais sobre os residuos que teñan a súa orixe nos proxectos de experimentación científica desenvolto polos centros educativos

## REQUISITOS E FORMA DE PARTICIPACIÓN

### I.- Destinatarios:

1. Último ciclo de educación primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos de toda Galicia
2. O equipo de traballo debe estar formado por un mínimo de 10 estudantes e a lo menos un profesor/a asesor/a.

Financiado pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Economía y Competitividad



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA

## II.- Proxectos

1. Os traballos científicos de investigación deben desenvolverse durante o curso 2012/2013. A temática dos proxectos é “residuos” e deberán encaixar nalgúnhas das categorías seguintes:
  - Proxectos de investigación sobre residuos (xestión, valorización, potencial,...)
  - Proxectos de investigación e experimentación sobre compostaxe
  - Proxectos sobre divulgación e sensibilización sobre a problemática de residuos
  - Proxectos de dinamización da lectura científica a través das bibliotecas escolares
2. Estructura do proxecto: título, xustificación, obxectivos, metodoloxía, actividades, calendario e orzamento.
3. O **idioma** oficial do congreso é o **galego**
4. O **prazo** de inscrición finalizará o **23 de novembro de 2012**
5. Os proxectos deben ser enviados, xunto coa ficha de inscrición, a [educacion@ceida.org](mailto:educacion@ceida.org)

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Un comité científico formado por expertos/as e científicos/as vinculados ao ámbito da educación ambiental seleccionará os proxectos que participarán no **Congreso escolar “RE-ACCIÓN. Ciencia, investigación e Divulgación sobre residuos”** valorando a súa participación en base aos seguintes criterios:
  - Deseño, metodoloxía e desenvolvemento da investigación
  - Contribución á divulgación da praxis científica e da súa relevancia para a nosa sociedade
  - Implicación e impacto sobre a comunidade científica e a poboación local
  - Colaboración e traballo en rede con outros centros educativos
  - Interdisciplinabilidade
  - Orixinalidade e creatividade
2. O **28 de novembro de 2012** o CEIDA comunicará, a través dun correo electrónico aos centros, que proxectos resultaron seleccionados.

## AXUDA ECONÓMICA

1. A cantidade concedida non excederá os **400 € por proxecto**
2. As axudas económicas teñen a finalidade de sufragar gastos que xere ao centro de ensino a realización do proxecto (desprazamentos, material funxible, bibliografía, reprografía,...)
3. Para recibir o ingreso da axuda económica, os centros deberán enviar **unha certificación bancaria**, na que conste como titular o centro educativo, por correo postal ao CEIDA (Castelo de Santa Cruz, s/n · 15179 Liáns – Oleiros · A Coruña)
4. O ingreso efectuarase integramente (400 €) despois da realización do Congreso.
5. Tras o ingreso da axuda concedida, os centros deberán enviar ao CEIDA, por correo postal, un **xustificante**, en papel timbrado do centro, que certifique que o centro recibiu a citada axuda

6. A xustificación das axudas concedidas efectuarase mediante un orzamento detallado de cada un dos gastos realizados no desenvolvemento do traballo. Os gastos acreditaranse mediante facturas. Esta xustificación será presentada ao CEIDA antes do **16 de maio de 2013**

## DESENVOLVEMENTO

### I.- Seguimento

1. O equipo de educación ambiental do CEIDA realizara un seguimento de cada un dos proxectos para verificar o cumprimento dos obxectivos e do calendario de actividades
2. O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga está a disposición de todos os centros participantes no congreso
3. O CEIDA, en caso de que algún dos proxectos non cumpra os obxectivos iniciais que foron aprobados, resérvase o dereito de rexeitar ese proxecto antes da data de celebración do Congreso Escolar

### II.- Participantes

1. Dependendo do número final de proxectos participantes, O CEIDA comunicará a cada centro de ensino o número de rapaces que poden participar na celebración do **Congreso Escolar RE-ACCIÓN, Ciencia, Investigación e Divulgación sobre residuos** os días 22 e 23 de abril de 2013
2. Posteriormente, cada centro deberá enviar un listado co nome e apelidos dos alumnos participantes no proxecto, indicando cales son os que, finalmente, asistirán ao congreso.

### III.- Materiais

1. Os equipos de traballo deberán elaborar un pequeno vídeo divulgativo do traballo realizado. Este poderalles axudar a presentar oralmente o seu traballo ao restos dos participantes no Congreso (duración máxima 10 minutos)
2. Os vídeos divulgativos que acompañen as comunicacións orais terán que presentarse en AVI ou MPEG
3. De xeito opcional, os centros poderán preparar outro material expositivo (maquetas, folletos, paneis, cartaces, posters ...) para presentar na feira
4. Todo o material elaborado para presentar no congreso deberá ser enviado ao CEIDA antes do **15 de abril de 2013**

## O CONGRESO RE-ACCIÓN

1. As datas do congreso serán o **22 e o 23 de abril de 2013**. Cada equipo de traballo participará un dos días pendente por determinar
2. Os centros participantes disporán de diferentes espazos para a presentación dos proxectos de investigación: as presentacións orais e a feira de experiencias

## VISITAS COMPLEMENTARIAS

1. Cada equipo de traballo participante realizarán de xeito gratuito visitas á:
  - a. Instalacións da UDC, para coñecer proxectos de investigación sobre residuos e as instalacións demostrativas do Centro Universitario de Compostaxe

- b. Instalacións de algunhas das plantas que xestionan os residuos en Galicia.
2. As datas das visitas as fixarán as instalacións que se van a coñecer
3. Antes da realización das visitas cada un dos participantes dos equipos de traballo farán chegar ao CEIDA nun CD unha fotografía feita co móbil ou outros dispositivos sobre residuos e boas prácticas. Posteriormente as divulgaremos a través dunha galería Flickr. Cada unha non deberá superar 1 MB

## XUSTIFICACIÓN FINAL

1. Presentación dunha memoria final do proxecto desenvolto que debe incluír os seguintes puntos:
  - Título do proxecto
  - Nome e apelidos do alumnado participante
  - Nome e apelidos do profesorado coordinador
  - Xustificación
  - Obxectivos
  - Metodoloxía
  - Actividades realizadas
  - Conclusións
  - Xustificación económica
2. Esta documentación debe ser enviada a [educacion@ceida.org](mailto:educacion@ceida.org) antes do día **16 de maio de 2013**.